




PROPOSTAS
LECTO-
ESCRITURA

ANTES DE COMEZAR...

ANTES DE COMEZAR QUEREMOS CONTARVOS ALGUNHAS PINCELADAS DE COMO ABORDAMOS NÓS ISTO DENDE A ESCOLA:

- COMO SABEDES A MAIÚSCULA É A LETRA COA QUE TRABALLAMOS PORQUE É MÁIS FÁCIL DE IDENTIFICAR E TRAZAR PARA ELES/ELAS
- ADEMAIS A APROXIMACIÓN QUE FACEMOS DAS LETRAS É PARTINDO SEMPRE DO SEU SON E NON DO SEU NOME. É DICIR, "MMMMM" EN LUGAR DE "EME" PORQUE ISTO FACILITA O PROCESO DE LECTURA E DE FORMACIÓN DE PALABRAS NO FUTURO
- POR OUTRA BANDA PODERÍA SER MOI POSITIVO PRESTAR ESPECIAL ANTENCIÓN Á POSICIÓN DOS BEIZOS E DA LINGUA Á HORA DE PRONUNCIAR AS LETRAS
- FINALMENTE, É IMPORTANTE QUE OS PEQUENOS E PEQUENAS TEÑAN UN MODELO, É DICIR, UNHA ESPECIE DE "GUÍA" DO NOME OU DA PALABRA A TRABLLAR TRAZADO PREVIAMENTE POLO ADULTO. ALGÚNS PODEN NON PRECISALO PERO OUTROS SI E ISTO SERVIRALLES DE REFERENCIA. PODE FACERSE NUN PAPEL, NUNHA CARTOLINA...





propostas para componer

● CON ELEMENTOS DA NATUREZA




INICIAIS



NOMES



FRASES, PALABRAS
OU PEQUENOS
TEXTOS



- CON PEDRAS (NESTA ACTIVIDADE PRIMEIRO DEBERÁN CONTAR CÁNTAS LETRAS TEN O SEU NOME PARA ASÍ SABER DE ANTEMÁN CÁNTAS PEDRAS VAN TER QUE BUSCAR)




PINTA AS PEDRAS



ESCRIBE UNHA LETRA EN CADA UNHA

... E COMPÓN: NOMES, O ABECEDARIO, ETC. AS POSIBILIDADES SON INFINITAS!




● CON TAPÓN DAS BOTELLAS





● CON PINZAS



● CON RECORTES DE PERIÓDICO, REVISTAS, CAIXAS DE ALIMENTOS



● CON ESPUMA DE AFEITAR




● CON PINCEIS E AGUA. TAMÉN PODEDES EMPREGAR TIZAS



● SOBRE SÉMOLA, PAN RAIADO...



NESTA PROPOSTA É IMPORTANTE QUE OS NENOS E NENAS TEÑAN AO LADO UNHA TARXETA (PODEDES FACELA VÓS NUN PAPEL) COA LETRA QUE VAN TRAZAR..
O IDÓNEO É QUE PRIMEIRO REPASEN CÓ DEDO O TRAZO CORRECTO DESA LETRA (NA TARXETA) E LOGO O TRACEN SOBRE A SÉMOLA, PAN RAIADO..
*É IMPORTANTE QUE A BANDEXA SEXA DE COR E QUE INCLUADES POUCA CANTIDADE DE SÉMOLA OU PAN RAIADO PARA QUE ASÍ O NENO OU NENA PERCIBA CLARAMENTE O PERCORRIDO DA LETRA CANDO TRACE CÓ DEDO




varios: xogos, experimentos, arte...


● EXPERIMENTO




SOBRE UNHA BASE DE CARTÓN, O NENO ESCRIBIRÁ O SEU NOME COA COLA



ENGADIMOS SAL POR ENRIBA.
RETIRAMOS O EXCESO E DEIXAMOS QUE SEQUE.




XA POR ÚLTIMO DECORAN LIBREMENTE CON PIPETAS (VALEN AS QUE TRAEN ALGÚNS MEDICAMENTOS DOS NENOS) CON AGUA TINGUIDA DE COLORANTE ALIMENTARIO OU PINTURA.




● BUSCADORES DE LETRAS



ESCONDÉMOSELLES LETRAS (AS DO SEU NOME OU AS QUE VOS CONSIDEREDES) NUNHA PILETA CHEA DE AREA, SÉMOLA OU CALQUERA OUTRO MATERIAL E INVITÁMOSELLE A SER CAZADORES DE LETRAS. PODEMOS FACER COMO NA IMAXE, E TER AO LADO UNS VASIÑOS COAS LETRAS QUE DEBE INCLUIR EN CADA UN DELES. OU BEN SIMPLEMENTE PROPOÑERLLE QUE, UNHA VEZ DESCUBRA TODAS AS LETRAS AGOCHADAS, COMPOÑA UN NOME (XA SEXA O SEU, O DUN COMPAÑEIROS, IRMÁ, NAI, AVÓ...). SE O QUE LLES IMOS PROPOÑER É COMPOÑER UN NOME, É IMPORTANTE QUE AO PRINCIPIO TAN SÓ LLE OFREZAMOS AS LETRAS QUE VAI CONTER O MESMO DE XEITO QUE NON SOBRE NINGUNHA. A MEDIDA QUE VAIA FAMILIARIZÁNDOSE CÓ XOGO, PODEMOS FACER QUE SOBREN LETRAS (AÍNDA QUE NON MÁIS DE 3 E QUE SEXAN LETRAS QUE O NENO/A COÑECE. POR EXEMPLO, PARA FORMAR O NOME DE EREA PODERÍAMOS INCLUIR A MAIORES B, O, M, OU PARA O DE BRUNO D, L, A.




● QUE NOMES EMPEZAN POR . . . ?



PARA ESTE XOGO PODEMOS EMPREGAR LETRAS MÓBILES OU OUTRAS LETRAS QUE TEÑAMOS POLA CASA. TAMÉN PODEN ESTAR TRAZADAS POR NÓS PREVIAMENTE NUN PAPEL, CARTOLINA... A CONTINUACIÓN PRESENTÁMOSLLES ALGÚNS NOMES QUE LLES SEXAN FAMILIARES: OS DOS SEUS COMPIS, OS DOS MEMBROS DA SÚA FAMILIA, ETC. OS/AS PEQUENOS/AS TEÑEN QUE ASOCIAR OS NOMES PRESENTADOS COA SÚA INICIAL.

PARA FACILITARLLES ESTA ASOCIACIÓN A PRIMEIRA LETRA PODE ESTAR ESCRITA EN VERMELLO, PARA QUE ASÍ LLE PRESTEN MÁIS A TENCIÓN.





● A SALTOS ...!

ESCRIBIMOS CON XIZ AS LETRAS QUE
DESEXEMOS NO CHAN.

FACEMOS O SON DESA LETRA E O NENO/A
TEN QUE SALTAR
ENRIBA DELA.

PODEMOS AUMENTAR A DIFICULTADE DICINDO
UN NOME E
QUE ÉL/ELA TEÑA QUE SALTAR ENRIBA DA
INICIAL POLA
QUE COMEZA...





trabajo con miniaturas

UNHA DAS CLAVES PARA AXUDAR AOS PEQUEN@S NO INICIO DA LECTURA E DA ESCRITURA É XOGAR COS SONS, CO FIN DE TOMAR ASÍ UNHA CONCIENCIA FONOLÓXICA QUE LLES PERMITA ENTENDER QUE OS SONS FORMAN PALABRAS.


A CONTINUACIÓN SE DETALLAN ALGUNHAS DAS PROPOESTAS QUE INCIAMOS NESTE SEGUNDO TRIMESTRE E QUE PODEREDES CONTINUAR AGORA DESDE CASA.

PARA ISTO, NECESITADES:

- ✓ MINIATURAS DE OBXECTOS (XOQUETES, OBXECTOS DA VIDA REAL...)
- ✓ ELABORAR TARXETAS CON LETRAS (VALERÍA UN FOLIO CORTADO Á METADE COAS LETRAS ESCRITAS A ROTULADOR).

***IMPORTANTE: NON PODEMOS PASAR DE NIVEL ATA QUE NO ESTEA PLENAMENTE AFIANZADO O ANTERIOR.


NIVEL I. UN OBXECTO, UN SON.



SELECCIONANSE DOUS OBXECTOS QUE EMPECEN CADA UN POR UN SON DIFERENTE. DEBEN ESCOLLER AQUEL QUE SE CORRESPONDE AO SON QUE EU SELECCIONARA

- 1) IDENTIFICAMOS A LETRA QUE É.
- 2) EMITIMOS O SEU SON "EEEE".
- 3) TRAZÁMOLA: NO AIRE, SOBRE O PAPEL, NA BANDEXA...
- 4) XOGAMOS!
 - DEIXAMOS QUE O/A NIÑO/A MANIPULE OS OBXECTOS.
 - DEIXÁMOLOS SOBRE A MESA E OS NOMEAMOS ESAXERANDO O SON INICIAL ("EEEEESPADA"/"CCCCCARACOLA"). REPETÍMOLO VARIAS VECES SE É NECESARIO.
 - RETO: PREGUNTÁMOSLLES CAL DESES OBXECTOS CRE QUE EMPEZA POLA LETRA "EEE" E O INVITAMOS A QUE COLLA OU SINALE ESE OBXECTO.

***É NORMAL QUE AO PRINCIPIO O/A NENO/A NIÑO SE EQUIVOQUE PERO POUCO A POUCO IRÁ ENTENDENDO A DINÁMICA DO XOGO.




NIVEL 2. BUSCAR VARIOS OBXECTOS CUN MISMO SON

SÉGUESE A MESMA DINÁMICA QUE NO NIVEL 1 PERO AUMENTAMOS MÁIS OBXECTOS ATA CHEGAR A 4 Á VEZ



***IMPORTANTE! SEMPRE TEN QUE SOBRAR UN.
NESTE EXEMPLO, EMPEZARÍA POLA D
DINOSAURIO E DADO. PERO NON BOLBORETA.



PROPOSTA DE XOGO: AS MINIATURAS DO MEU NOME



NESTE CASO, O/A NENO/A TERÍA QUE COMPOÑER PRIMEIRO O SEU NOME COAS LETRAS MÓBILES OU CALQUERA OUTRO TIPO DE LETRA QUE TEÑADES POLA CASA OU QUE INCLUSO PODADES FACER EN PAPEL, CARTOLINA...

UNHA VEZ COMPOSTO, TEREMOS UN CESTO PREPARADO COAS MINIATURAS QUE VAN NECESITAR PARA SITUAR DEBAIXO DE CADA UNHA DAS LETRAS DO SEU NOME (NON PODE HABER MÁIS) A PARTIR DE AQUÍ, SEGUIRÍAMOS A MESMA DINÁMICA QUE A EXPLICADA NO NIVEL I PERO, NESTA OCASIÓN, ASOCIANDO O SON INICIAL DE CADA MINIATURA A CADA UNHA DAS LETRAS DO SEU NOME.

